

Xunta de Galicia. Esta secretaría xeral, á vista da experiencia da execución das convocatorias considera que é preciso facer algunhas modificacións.

De acordo co anterior e en virtude das atribucións legalmente conferidas á Secretaría Xeral da Emigración resolve:

Modificar o artigo 8º.1.-Réxime de chamamento para impartir os seminarios que quedaría redactado do seguinte xeito:

1. A vista da relación de profesores e tendo en conta as solicitudes presentadas, a Secretaría Xeral da Emigración designará os formadores colaboradores atendendo aos seguintes criterios:

Puntuacións de méritos acadada segundo o establecido no artigo 7º da Resolución do 13 de maio de 2008 modificada por Resolución do 10 de decembro de 2008 (DOG nº 96, de 20 de maio e DOG nº 244, do 17 de decembro) da Secretaría Xeral de Emigración.

Se é o caso, solicitude motivada da entidade na que propoña un profesor determinado para impartir o seminario. A dita proposta será valorada polos técnicos da Secretaría Xeral da Emigración.

Proximidade de residencia dos profesores á cidade onde se imparta o curso.

Grao de cumprimento das condicións de organización e informes emitidos polas entidades galegas, en cursos impartidos en anteriores edicións destes programas.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá programar circuitos de seminarios en áreas ou localidades próximas, de forma que un profesor imparta dous ou máis cursos, se fose necesario.

Modificar o artigo 8º.2 da resolución e engadir un parágrafo.-Forma de chamamento, que quedaría da seguinte maneira:

2. O chamamento efectuarase mediante correo electrónico de acordo coas exigencias da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico aos cidadáns dos servizos públicos (art. 27.3º) e atendendo o parágrafo anterior.

3. Os formadores colaboradores seleccionados terán un prazo para atender ao chamamento de tres días contados desde a comunicación.

Disposición transitoria

O prazo de presentación de novas inscricións e actualizacións das listas establecido no artigo 10 da Resolución do 13 de maio de 2008, será de 15 días a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Rematado o prazo publicaranse as listas actualizadas.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2010.

J. Santiago Camba Bouzas
Secretario xeral da Emigración

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 5 de maio de 2010 pola que se establecen e se convocan axudas de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación dos menores no seu medio.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social. Pola súa banda, o Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, no seu artigo 1 atribúelle á dita consellería a competencia en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social e inclusión social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, inclúe no catálogo de servizos sociais as prestacións económicas orientadas a satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou das familias e a estimular a súa incorporación social e laboral. No seu artigo 21, define as prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais como as achegas en diñeiro, de carácter periódico ou de pagamento único, que teñen como finalidade, entre outras, apoiar o coidado de menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia, prevé no seu artigo 11.3º c) a regulación de prestacións económicas ou técnicas que teñan por obxecto incidir favorablemente nas situacións de carencia familiar, e no artigo 15 a) establece, entre outras medidas preventivas, o apoio á infancia e á adolescencia a través de medidas económicas ou técnicas dirixidas a cubrir as súas necesidades básicas e a mellorar o medio familiar co fin de garantir o dereito a desenvolverse, sempre que sexa posible, no seo da súa propia familia.

Estas medidas axustaranse ás normas e principios establecidos nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega. En especial, teranse en conta, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación para a concesión das axudas.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e finalidade destas axudas.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión de axudas individuais

de prevención e apoio á familia e atención ao menor, durante o exercicio económico do ano 2010, mediante o procedemento de concorrencia competitiva, e proceder á súa convocatoria.

2. A finalidade destas axudas é proporcionar apoio económico e profesional ás familias para garantirles a atención adecuada aos seus fillos e favorecer que permanezan no seu medio, evitando os riscos de desestruturación familiar, así como facilitarles ás unidades familiares a adquisición de habilidades de atención, coidado e educación dos menores, así como a capacidade de autoorganización do núcleo familiar.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as unidades familiares con fillos menores de dezaioito anos que estean en circunstancias de risco social e precisen apoios económicos para satisfacer as súas necesidades básicas e evitar a desestruturación familiar.

Para os efectos desta orde enténdese por unidade familiar a formada por pais e fillos, sempre que estes sexan menores de 18 anos ou maiores de 18 con grao de minusvalidez recoñecido superior ou igual ao 33%.

Do mesmo xeito, entenderase por unidade familiar a conformada polos familiares que teñan outorgada a tutela ou garda e custodia por vía xudicial ou administrativa e os menores respecto dos cales a exerzan. Estes, se son menores de dezaioito anos, terán a consideración de fillos menores para os efectos do disposto nesta orde.

No caso de unidades familiares monoparentais, incrementarase en 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Artigo 3º.-Contía das axudas.

A contía mínima e máxima da axuda está comprendida entre 100 € e 500 € mensuais por cada unidade familiar, sen que en ningún caso poida superarse a contía de 150 € por fillo. O acceso á axuda e a determinación da contía total da axuda que se vai conceder por unidade familiar durante o ano 2010 determinarase en función dos criterios de valoración recollidos no artigo 9º e das dispoñibilidades orzamentarias.

En caso de que algún dos menores que constitúen a unidade familiar deixe de cumprir o requisito de idade ao longo do ano 2010, a axuda concederáselle de xeito proporcional, por meses completos. Do mesmo xeito se procederá se algún dos menores nace ou se incorpora á unidade familiar, ou ben deixa de pertencer a ela durante o ano 2010. Para estes efectos, entenderase que procede conceder a axuda durante todo o mes en que comece ou remate o cumprimento do requisito de idade ou de pertenza á unidade familiar.

Artigo 4º.-Financiamento.

O financiamento das axudas previstas nesta orde efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.480.1 dos orzamentos xerais da Comu-

nidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, reservándose para tal efecto un crédito de 1.200.000 €.

A distribución territorial é a seguinte:

	Importe	Porcentaxe
A coruña	420.000 €	35%
Lugo	204.000 €	17%
Ourense	216.000 €	18%
Pontevedra	360.000 €	30%
Total	1.200.000 €	100%

Porén o anterior, esta contía poderá incrementarse se os créditos dispoñibles resultasen incrementados como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito e, se for o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda, nos termos previstos no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-Requisitos.

Serán requisitos necesarios para a concesión das axudas:

a) Cumprir os requisitos que se establecen no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario.

b) Residir e estar empadroados (toda a unidade familiar) na Comunidade Autónoma galega polo menos con seis meses de antelación á data da publicación da convocatoria.

c) Que os menores, respecto dos que se solicita a axuda, teñan menos de dezaioito anos de idade cumpridos durante o ano 2010.

d) Que a unidade familiar non teña recibido axudas con este mesmo obxecto nos últimos tres anos de xeito consecutivo.

e) Que a renda per capita da unidade familiar no ano en que se perciba a axuda non exceda un terzo do IPREM establecido para o ano 2010, en cómputo anual, incluíndo as pagas extraordinarias. Para estes efectos, computaranse as contías que, se é o caso, se perciban en concepto de compensación por acollemento familiar.

f) Que ningún dos membros da unidade familiar sexa beneficiario da renda de integración social de Galicia.

g) Que os menores que compoñen a unidade familiar non teñan concedida a asistencia a un centro de atención de día do sistema de protección de menores da Xunta de Galicia.

h) Que a familia poida evolucionar cara á súa plena autonomía e integración social, sendo estas axudas un apoio temporal.

i) Que a situación do núcleo familiar non permita a cobertura de todas as necesidades básicas do

menor no relativo á alimentación, hixiene, vestiario, atención médica, escolarización regularizada e coitados de carácter integral.

j) Que a unidade familiar teña aberto, polo menos con seis meses de antelación á data de publicación desta orde, un expediente polos servizos sociais de atención primaria ou especializados, por posible situación de risco ou con declaración de existencia desta do menor ou menores.

k) Que a unidade familiar cumpra co plan de traballo que estableza o servizo de atención primaria ou especializado.

l) No caso de que se lle concedese esta axuda no ano 2009, que a unidade familiar cumprise co plan de traballo que establecera o servizo de atención primaria ou especializado e mellorase a situación de risco.

Artigo 6º.-*Solicitudes e documentación.*

1. As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita polo representante da unidade familiar segundo o modelo oficial (anexo I).

Cada solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI ou tarxeta de residencia e traballo do solicitante e do resto dos membros da unidade familiar obrigados a obtelo, ou no caso de telo/a solicitado/a documento que o acredite. Non será necesaria a presentación destes documentos se as ditas persoas prestan consentimento expreso para que o órgano competente para a tramitación comprobe a súa identidade por medios telemáticos.

b) Fotocopia do libro de familia ou documentación equivalente e demostrativa da filiación e da unidade familiar. No caso dos familiares que teñen outorgada, por vía xudicial ou administrativa, a tutela ou garda e custodia dos menores, documentación acreditativa desta circunstancia.

c) Certificación bancaria do número de conta do cal sexa titular o solicitante.

d) Certificado de vida laboral de todos os integrantes da unidade familiar en idade laboral.

e) Xustificación de ingresos: nóminas de todo o ano 2009 ou certificado de empresa de todos os membros da unidade familiar que percibisen haberes nese exercicio e, de ser o caso, certificación positiva ou negativa da prestación económica do Inem nese mesmo exercicio, certificación da Seguridade Social acerca da pensión percibida ou calquera outro documento acreditativo dos ingresos. Xuntarase en todo caso unha declaración xurada de ingresos de acordo co modelo contido no anexo II.

f) No caso de enfermidades crónicas graves informe médico emitido polo sistema público de saúde.

g) De ser o caso, certificado de minusvalidez se este non fose expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Compromiso escrito por parte do solicitante (anexo III) de:

-Aplicar as axudas á finalidade para a cal sexan concedidas.

-Contribuír á normalización e integración social do núcleo familiar.

-Atender correctamente a educación dos menores ao seu cargo.

-Acadar canto antes a plena autonomía familiar.

-Cumprir cos obxectivos marcados no plan de traballo familiar elaborado polos servizos sociais de atención primaria ou especializada.

-Comunicarlle, nun prazo non superior a 15 días, ao órgano competente que tramitou a solicitude, calquera modificación que afecte as características deste tipo de axudas.

i) Certificados de empadramento e convivencia expedidos polo concello de residencia. Non será necesaria a presentación destes documentos se os membros da unidade familiar prestan consentimento expreso para que o órgano competente para a tramitación comprobe esta cuestión por medios telemáticos.

No caso de producirse un cambio de domicilio nos últimos seis meses, o/a interesado/a deberá acompañar directamente os certificados de empadramento no concello de residencia actual e no anterior.

j) No caso de que se lle concedese esta axuda no ano 2009, informe anual emitido polos servizos sociais do concello onde conste que cumpriu os obxectivos do plan de traballo de intervención educativa na familia.

k) Declaración responsable de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións (anexo IV).

2. Deberá xuntarse á documentación achegada polos solicitantes un informe dos servizos sociais do concello de residencia da unidade familiar ou do servizo especializado que tramite o expediente por posible situación de risco ou con declaración de existencia desta do menor, segundo o modelo que figura como anexo V desta orde de convocatoria. No caso de que a familia cambiase de concello de residencia no último ano, este informe deberá incorporar a información que conste ao respecto nos servizos sociais do concello de residencia anterior, facendo constar expresamente tal circunstancia. O informe valorará e verificará os datos presentados e propondrá as medidas que se tomarán, especificando o tipo de supervisión que se realizará para garantir a

correcta aplicación e procurar aos seus perceptores o apoio periódico que lles posibilite acadar a súa autonomía.

Artigo 7º.-*Lugar e prazo de presentación de solicitudes.*

1. A solicitude e a documentación requirida presentaranse no departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar correspondente ao domicilio do solicitante, ou ben nos concellos que teñan subscrito o convenio oportuno, sendo de aplicación en todo caso o disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Enténdese como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 8º.-*Tramitación.*

1. As unidades administrativas dos departamentos territoriais comprobarán as solicitudes e requirirán do interesado por escrito a emenda dos defectos que houber, con indicación de que, se así non o fixer no prazo de 10 días, se lle terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución, ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Cando a solicitude non veña acompañada polo informe dos servizos sociais a que se refire o artigo 6º.2 ou se requira información complementaria, o dito informe será solicitado directamente pola unidade tramitadora ao órgano competente, que deberá emitilo no prazo máximo de dous meses.

2. A presentación da solicitude de axuda polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, para acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos establecidos nesta orde para a concesión da axuda.

3. Revisada a documentación e completada, se é o caso, remitirase á comisión provincial de valoración, que terá a función de propoñer a concesión ou dene-

gación das axudas, de acordo cos criterios obxectivos recollidos nesta orde.

4. A composición da comisión provincial de valoración será a que segue:

-Presidente: o xefe do Servizo de Familia e Menores do departamento territorial. Nos casos de ausencia ou enfermidade deste será substituído por un funcionario do servizo designado polo xefe territorial.

-Vogais: o xefe territorial designará dous funcionarios, dos cales un actuará como secretario da comisión. Así mesmo, poderá participar un representante da Intervención Territorial, que actuará con voz pero sen voto.

A comisión provincial de valoración reunirse nun máximo de tres sesións en que decidirá sobre as solicitudes presentadas tendo en conta o seu conxunto para a súa valoración.

5. Todos os actos de trámite efectuados nos expedientes de gasto regulados por esta orde entenderanse condicionados a que, ao ditarse o acordo de compromiso de gasto, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos aqueles actos. Para estes efectos poderase solicitar dos interesados declaración xurada demostrativa.

Artigo 9º.-*Criterios de valoración.*

1. As solicitudes de axudas valoraranse segundo os seguintes criterios:

I. Duración da axuda.

-Non ter recibido a axuda nos últimos 6 anos: 6 puntos.

-Tela recibido con anterioridade polo período dun ano: 4 puntos.

-Tela recibido con anterioridade polo período de dous anos: 2 puntos.

II. Número de fillos.

-Por cada fillo menor de dezaioito anos: 3 puntos.

III. Renda per cápita anual.

-De 0 a 500 €: 5 puntos.

-De 500,01 a 1.000 €: 4 puntos.

-De 1.000,01 a 1.500 €: 3 puntos.

-De 1.500,01 a 2.000 €: 2 puntos.

-De 2.000,01 ao límite de renda: 1 punto.

IV. Factores especiais.

-Cada membro da unidade familiar discapacitado cun grao de minusvalidez recoñecido superior ou

igual ao 33% ou enfermidade crónica grave: 2 puntos.

-Deficiencias e carencias nas condicións de habitabilidade da vivenda, hixiene e/ou insalubridade, barreiras arquitectónicas, etc., que queden debidamente constatadas no informe social de valoración de situación que deberá achegarse de conformidade co establecido no artigo 6º.2 desta orde: 2 puntos.

-Existencia no núcleo familiar de convivencia de persoas con problemáticas específicas (desempregados de longa duración, con problemas de adicción, inmersos en situacións marxinais, persoas dependentes..) ou presenza de menores que presenten necesidades ou circunstancias especiais, existencia que debe quedar debidamente reflectida no informe social: 1 punto.

2. En caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa.

3. Cando o número de solicitudes con dereito ás axudas exceda do crédito orzamentario destinado para tal fin, a comisión provincial de valoración determinará a puntuación mínima necesaria para ter dereito ás axudas.

Artigo 10º.-Resolución.

1. Logo da oportuna fiscalización do gasto, o xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar, por delegación da conselleira, ditará resolución pola que se concedan ou deneguen as axudas, segundo o disposto no artigo 7.3º, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O prazo máximo para ditar e notificar as resolucións será de nove meses a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, consonte o establecido no artigo 23.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención segundo o previsto no artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A duración, contía e condicións das axudas serán as que se especifiquen na resolución de concesión.

Artigo 11º.-Recursos.

1. A resolución esgota a vía administrativa e contra ela pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da dita resolución, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. No caso de resolución presunta, este prazo será de seis meses a

partir do día seguinte a aquel en que remate o prazo para ditar resolución.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto. Se este é expreso, o prazo para interpoñelo é dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución; se non o é, o prazo é de tres meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva o recurso de reposición.

2. Contra estas bases reguladoras, cuxa aprobación pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Traballo e Benestar no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Así mesmo, tamén se poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente desta xurisdición, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 12º.-Modificación, suspensión e revogación.

1. Os xefes territoriais, igualmente por delegación da conselleira de Traballo e Benestar, poderán modificar, suspender ou revogar as axudas concedidas, logo do informe proposta da comisión provincial de valoración, nos casos en que varíen as condicións que motivaron a concesión ou do incumprimento total ou parcial dos requisitos e condicións establecidos para ela.

2. En calquera caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

3. As resolucións de concesión, denegación, modificación, suspensión ou revogación das axudas dítadas notificaránselles aos interesados e terán que ser motivadas.

Artigo 13º.-Pagamento das axudas.

A contía da axuda concedida aboaráselles aos solicitantes en pagamentos por mensualidades vencidas, incluíndose no primeiro pagamento as mensualidades vencidas desde o primeiro día do ano ou aquel desde o que teñan dereito a súa percepción e ata o último día do mes anterior a aquel en que se dite a resolución de concesión.

Antes do último pagamento, o solicitante presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas

ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (anexo VI).

No prazo máximo de 15 días, contados desde a finalización do período de percepción da axuda, o solicitante presentará unha declaración xurada na cal xustifique a axuda e que os fondos percibidos foron utilizados para os fins propostos.

Artigo 14º.-Supervisión das axudas.

1. A supervisión do cumprimento do plan de traballo que se establece como requisito para a concesión das axudas será realizada polos servizos sociais municipais ou polos servizos de menores do departamento territorial correspondente ao domicilio da unidade familiar e consistirá en:

a) Avaliación técnica da súa aplicación, exixíndose un mínimo dun informe anual que se presentará antes do remate do ano, sobre a situación das familias beneficiarias e o grao de consecución dos obxectivos marcados.

b) Apoio e orientación ás familias para acadar canto antes a súa plena autonomía.

c) Posta en coñecemento da comisión provincial de valoración das circunstancias que poidan motivar a modificación ou reintegro das axudas concedidas.

2. O seguimento e control das axudas serán realizados polo departamento territorial da Consellería de Traballo e Benestar que corresponda.

Artigo 15º.-Reintegro das axudas.

Procederá o reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida e dos xuros de mora producidos desde o momento do seu pagamento nos casos establecidos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Para os efectos do parágrafo anterior entenderase como causa de reintegro o incumprimento dalgún dos compromisos subscritos polo solicitante (anexo III) ou dos requisitos establecidos no artigo 5º desta orde.

Artigo 16º.-Actuacións de comprobación.

Os receptores das axudas ou subvencións quedan sometidos ás actuacións de comprobación que acorde a Consellería de Traballo e Benestar. Así mesmo, quedan obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 17º.-Publicidade das subvencións.

Non será necesaria a publicidade da adxudicación da axuda de acordo co establecido no artigo 15.2º d)

da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13.6º a) da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública, por ser a publicación contraria ao respecto e salvagarda da honra e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

Artigo 18º.-Compatibilidade das axudas.

A percepción desta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, procedentes de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, agás a Renda de Integración Social de Galicia. En particular, é compatible coa prestación familiar por coidado de fillos menores de tres anos.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión destas axudas terá como límite global o crédito consignado no orzamento para estes fins.

Segunda.-Apróbase a delegación de competencias nos xefes territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro do establecido no artigo 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, autorizar e dispoñer os gastos, así como o recoñecemento das obrigas e a proposta dos pagamentos, en relación co disposto no artigo 73 a) do citado Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Terceira.-Os beneficiarios destas axudas estarán sometidos ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infraccións nesta materia establece a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia; o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Secretaría Xeral de Familia e Benestar para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS DE PREVENCIÓN E APOIO A FAMILIAS EN SITUACIÓNS CARENCIAIS GRAVES PARA A PRESERVACIÓ DO MENOR NO SEU MEDIO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO BS401A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

DON / DONA			NIF/NIE		
<input type="text"/>			<input type="text"/>		
DATA DE NACEMENTO	ESTADO	ENDEREZO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
PROVINCIA	LOCALIDADE		CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	
SISTEMA DE PREVISIÓN: SEGURIDADE SOCIAL			OUTROS SISTEMAS (MUFACE, ISFAS, LISMI, ETC.)		
Nº AFILIADO	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		

RESTANTES MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR

NOME E APELIDOS	NIF/NIE	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO CO SOLICITANTE	DISCAPACITADO (SI/NON)	GRAO DE MINUSVALIDEZ RECONECIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

CONSENTIMENTO PARA COMPROBACIÓN DE IDENTIDADE E EMPADROAMENTO

Dou expresamente o meu consentemento para a comprobación telemática do DNI, domicilio e residencia ante o Ministerio da Presidencia, segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

SI NON (No caso de non dar esta autorización debe anexar copia compulsada do DNI e certificado de empadramento).

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO CONTA BANCARIA			
BANCO	OFICINA	D.C.	CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

OBSERVACIÓNS:

- Percibir durante o ano ou os dous anos anteriores este tipo de axuda
- Outras

Nº de anos:

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral de Familia e Benestar, como responsable do ficheiro, ao enderezo seguinte: edif. administrativo San Caetano, Santiago de Compostela. CP 15781 (A Coruña).

, de de

(Sinatura do solicitante)

ANEXO II

DECLARACIÓN DE INGRESOS

DON/DONA	NIF/NIE												
<p>DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE ALGÚN DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR (PÓÑASE <i>SI</i> OU <i>NON</i> SEGUNDO PROCEDA):</p>													
<input type="checkbox"/>	TRABALLA POR CONTA ALLEA (XÚNTESE COPIA DAS NÓMINAS DE TODO O ANO 2009).												
<input type="checkbox"/>	ESTÁ OBRIGADO A FACER DECLARACIÓN DA RENDA.												
<input type="checkbox"/>	FIGURA INSCRITO COMO DEMANDANTE DE EMPREGO NO INEM (XÚNTESE CERTIFICACIÓN POSITIVA OU NEGATIVA SOBRE A PERCEPCIÓN DE PRESTACIÓNS A CARGO DO INEM).												
<input type="checkbox"/>	PERCIBE OUTROS INGRESOS: PENSIÓN NON CONTRIBUTIVA, LISMI, RISGA, INGRESOS POR TRABALLOS ESPORÁDICOS OU EVENTUAIS, EMPREGADOS/AS DO FOGAR, ETC. (EN CASO AFIRMATIVO DESCRÍBASE A CONTINUACIÓN A SÚA NATUREZA E CONTÍA ANUAL E, DE EXISTIR, XÚNTESE COPIA DOS XUSTIFICANTES DA SÚA PERCEPCIÓN DURANTE TODO O ANO 2009).												
<table style="width: 100%; border: none;"> <tr> <td style="width: 50%; text-align: center; border: none;">NATUREZA DO INGRESO</td> <td style="width: 50%; text-align: center; border: none;">CONTÍA ANUAL</td> </tr> <tr> <td style="border: 1px solid black; height: 20px;"></td> <td style="border: 1px solid black; height: 20px;"></td> </tr> <tr> <td style="border: 1px solid black; height: 20px;"></td> <td style="border: 1px solid black; height: 20px;"></td> </tr> <tr> <td style="border: 1px solid black; height: 20px;"></td> <td style="border: 1px solid black; height: 20px;"></td> </tr> <tr> <td style="border: 1px solid black; height: 20px;"></td> <td style="border: 1px solid black; height: 20px;"></td> </tr> <tr> <td style="border: 1px solid black; height: 20px;"></td> <td style="border: 1px solid black; height: 20px;"></td> </tr> </table>		NATUREZA DO INGRESO	CONTÍA ANUAL										
NATUREZA DO INGRESO	CONTÍA ANUAL												
<p>DECLARO QUE OS DATOS QUE SE FAN CONSTAR NESTE DOCUMENTO SON CERTOS. A FALSIDADE DE TODOS OU DALGÚNS DELES SERÁ CAUSA DE REVOGACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA.</p>													

	,		de		de
(Sinatura do declarante)					

ANEXO III

COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLO SOLICITANTE

DON/DONA	NIF/NIE
<input type="text"/>	<input type="text"/>

COMPROMÉTESE NO CASO DE CONCESIÓN DA AXUDA A:

- 1.- Aplicar a axuda económica á finalidade para a que sexa concedida.
- 2.- Contribuír á normalización e integración social do núcleo familiar.
- 3.- Atender correctamente a educación dos menores ao seu cargo.
- 4.- Buscar canto antes solucións para non ter que depender destas axudas.
- 5.- Cumprir cos obxectivos marcados no plan de traballo familiar elaborado polos servizos sociais de atención primaria ou especializada.
- 6.- Comunicarlle nun prazo non superior a 15 días, ao órgano competente que tramita a axuda, calquera modificación que afecte a situación sociofamiliar dos beneficiarios.

_____, de _____ de _____

(Sinatura do solicitante)

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA OBTENIR A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIONS

DON/DONA	NIF/NIE
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que non estou incurso/a en ningunha circunstancia que me inhabilite para ser beneficiario/a de axudas e subvencións, e en particular:
- Non fun condenado/a mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións e axudas públicas.
- Non fun sancionado/a mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.
- Atópome ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teño pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.
- Non teño pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

Lugar e data:

_____, de _____ de _____

(Sinatura do solicitante)

ANEXO V

INFORME SOCIAL

Este informe social emítese para os efectos da solicitude de axuda de prevención e apoio a familias en situacións carenciais graves para a preservación de menores no seu medio.

IDENTIFICACIÓN DO TRABALLADOR/A SOCIAL QUE EMITE O INFORME

DON/DONA	
<input type="text"/>	
Nº DE COLEXIADO	ORGANISMO/ENTIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DO/A SOLICITANTE

DON / DONA			NIF/NIE
<input type="text"/>			<input type="text"/>
DATA DE NACEMENTO	ESTADO CIVIL	ENDEREZO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO/S	PROFESIÓN	SITUACIÓN LABORAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> EN ACTIVO <input type="checkbox"/> SEN OCUPACIÓN <input type="checkbox"/> PENSIONISTA	

A unidade familiar ten aberto un expediente, con seis meses de antelación á publicación da resolución de axudas, por posible situación de risco ou con declaración de existencia desta do menor ou menores. Data de apertura .

Este informe SI NON incorpora a información facilitada polo concello de correspondente ao anterior lugar de residencia da unidade familiar.

COMPOSICIÓN FAMILIAR

Nome e apelidos	Parentesco	Data de nacemento	Ocupación	Problemáticas específicas
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

VIVENDA

TIPO DE VIVENDA	
<input type="checkbox"/> VIVENDA UNIFAMILIAR <input type="checkbox"/> PISO/APARTAMENTO <input type="checkbox"/> OUTROS: <input type="text"/>	
RÉXIME DE TENZA	
<input type="checkbox"/> PROPIEDAD <input type="checkbox"/> ALUGADA <input type="checkbox"/> OUTROS: <input type="text"/> CONTÍA ABOADA MENSUAL: <input type="text"/>	
CONDICIÓN DE HABITABILIDADE	
<input type="checkbox"/> ADECUADAS <input type="checkbox"/> INSALUBRIDADE/INHABITABILIDADE	
<input type="checkbox"/> DEFICIENCIAS DETECTADAS: <input type="text"/>	
LOCALIZACIÓN (ZONA)	ACCESO A EQUIPAMENTOS E COMUNICACIÓN
<input type="checkbox"/> URBANA <input type="checkbox"/> RURAL <input type="checkbox"/> SEMIURBANA/RURAL <input type="checkbox"/> RURAL ILLADA	<input type="checkbox"/> BOAS <input type="checkbox"/> DEFICIENTES

PRESENZA DE MENORES CON NECESIDADES OU PROBLEMÁTICAS ESPECÍFICAS

Nome e apelidos	Idade	Necesidades ou problemáticas específicas
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

RELACIONES FAMILIARES

DATOS DE INTERESE NA HISTORIA FAMILIAR
<input type="text"/>
SITUACIÓN ACTUAL
<input type="text"/>

SITUACIÓN ECONÓMICA (INGRESOS DA UNIDADE FAMILIAR)

CONCEPTO	CONTÍA
RENDA PER CÁPITA	

OBXECTIVOS DO PLAN DE TRABALLO DE INTERVENCIÓN NA FAMILIA

--

NECESIDADES BÁSICAS NON CUBERTAS QUE SE PRECISAN CUBRIR COA AXUDA

<input type="checkbox"/> ALIMENTACIÓN	<input type="checkbox"/> ROUPA/CALZADO	<input type="checkbox"/> MATERIAL ESCOLAR
<input type="checkbox"/> OUTRAS:		
OBSERVACIÓNS		

VALORACIÓN PROFESIONAL

PROPOSTA	
DURACIÓN	CONTÍA
PROFESIONAL QUE REALIZARÁ O SEGUIMENTO	

ANEXO VI

DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS

DON/DONA			NIF/NIE	
DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, QUE SOLICITEI E/OU ME CONCEDERON AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS:				
- Axudas solicitadas				
Denominación da axuda	Entidade ou organismo concedente	Importe mensual	Importe anual	Data solicitude
- Axudas concedidas				
Denominación da axuda	Entidade ou organismo concedente	Importe mensual	Importe anual	Data de inicio da percepción
Lugar e data:				
, de de				
(Sinatura do solicitante)				

Orde do 7 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio de 2010.

A formación profesional para o emprego ten como finalidade proporcionarlles ás persoas traballadoras ocupadas a formación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas adecuados aos requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permita compatibilizar a súa maior concorrencia coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador.

Constitúen principios xerais da formación dirixida a ocupados: o protagonismo dos axentes sociais no seu desenvolvemento; a unidade de mercado de tra-

ballo e a liberdade de circulación das persoas traballadoras ocupadas no desenvolvemento das accións formativas, tanto dentro do territorio español como no ámbito da Unión Europea; a consideración desta formación como instrumento esencial para garantir a formación ao longo da vida.

O Regulamento (CE) 1081/2006, do 5 de xullo, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Social Europeo, polo que se aproban as disposicións de aplicación relativas ao Fondo Social Europeo, sinala que o fondo apoiará, entre outras, as accións nos estados membros encamiñadas a facilitar o acceso ao emprego e a inserción no mercado de traballo, as políticas de fomento e mellora da formación profesional e da formación en xeral. Así mesmo, o Regulamento (CE) 800/2008, do 6 de agosto, da comisión, regula a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas á formación.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece que a